



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Os convenios de colaboración: elaboración e tramitación

CONVOCATORIA: Convocatoria autonómico 2º semestre

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2021
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 17/06/2021 - 08:00h ao 30/06/2021 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Este curso ten por obxecto o estudo da figura do convenio como instrumento de colaboración e cooperación no ámbito das Administracións Públicas ao que estas poden recorrer en determinados supostos para o exercicio das súas funcións. Logo da entrada en vigor da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas esta figura conta cun novo marco xeral regulador que resolve, en parte, a inseguridade xurídica existente na anterior norma.

Así mesmo, nos diferentes módulos que integran o programa trátanse de analizar, por unha banda, os requisitos formais de validez dos convenios e o seu contido mínimo, e por outra banda, os trámites que son preceptivos no procedemento para a subscrición de convenios, tendo en conta as especialidades neste procedemento no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén se analizarán os diferentes requisitos de publicidade e transparencia que nesta materia esixe a normativa aplicable.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

PROGRAMA

- Módulo 1. As relacións de colaboración interadministrativa: A figura do convenio na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público.
 1. Introducción
 2. As relacións de colaboración interadministrativa. Principais novidades introducidas pola Lei 40/2015, do 1 de outubro. A figura do convenio: definición e tipos de convenios.
 3. Outros instrumentos de colaboración e figuras "afíns": especial referencia aos convenios de concesión directa de subvencións.
 4. Estudo das principais diferenzas entre a figura do convenio e o contrato.
- Módulo 2. Elaboración dos convenios: requisitos formais de validez, suxeitos, contido, eficacia e extinción.
 1. Requisitos formais de validez.
 2. Suxeitos e contido dos convenios.
 3. Eficacia, extinción e efectos da resolución dos convenios: a liquidación do convenio.
- Módulo 3. Procedemento para a subscrición de convenios: trámites preceptivos. A tramitación dos convenios na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
 1. Procedemento para a tramitación de convenios: trámites preceptivos segundo a Lei 40/2015, do 1 de outubro.

2. Procedemento para a tramitación de convenios no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia: normativa específica de aplicación, elaboración da memoria xustificativa e informes preceptivos.

- Módulo 4. Publicidade e transparencia en materia de convenios. Protección de datos e confidencialidade.

1. A publicidade en materia de convenios nas diferentes normas de transparencia e bo goberno. Obrigas específicas de información sobre convenios: artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2. O Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

3. Cláusulas en materia de protección de datos e confidencialidade.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 26/10/2021 a 15/11/2021

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 19/11/2021 ás 17:00h

DOCENTES NOMEADOS

Albertina Blanco Dorado

LUGAR DE REALIZACIÓN

Exame final en liña